

ORAL DE GALICIA
ESTRADA XERAL DE VALLADARES Nº 233
36.314 - VIGO
TELF: +34 - (9)86 - 467053
FAX: +34 - (9)86 - 467052
Http:www.ctv.es/USERS/cvallada
E-mail: cvallada@ctv.es
CIF:G-36845428



INTRODUCCIÓN

Cando se inicie esta novena edición do Certame Internacional de Improvisación Oral en verso, xa saberemos si a UNESCO proclamou a candidatura do patrimonio inmaterial da cultura galego-portuguesa como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade. A este respecto cabe lembrar que unha das manifestación deste Patrimonio Inmaterial Común son os Cantos ao desafío, tamén coñecidos na Galiza como Regueifas, Brindis, Parrafeo,... e que nos inicios da tramitación desta candidatura este Certame colaborou co que se lle pediu cos tramitadores, nomeadamente a Asociación Ponte nas Ondas personificada entre outros en Santi Velosa e Xabier Prado, a quen independentemente de que se conquira a Proclamación ou non, temos que amosarlles o noso máis sincero agradecemento pola súa contribución a posta en valor deste Patrimonio, moitas veces ignorado e incluso desprazado tanto pola administración como por un amplo sector da poboación en xeral. Así que como non podía ser doutro xeito, nesta edición queremos volver a aportar o noso grueiro de area a este Patrimonio, xuntando no mesmo escenario a Regueifeiros Galegos con Cantores ao Desafío Portugueses.

Como novidades máis salientables desta edición, cabe destacar a presenza por primeira vez entre nos de Troveros Colombianos, ós que acompañará os Murcianos que xa facia uns anos que non nos visitaban e no día do Hip-Hop a actuación dun Sound System Catalán que combina instrumentos eléctricos, con cantos tradicionais improvisados en Catalán, non volo perdades, sorprenderannos son

Temos que lairnos de non poder dispor como en edicións anteriores de datas adicadas a literatura de retranca e enxeño, xa sexa na súa vertente poética, novelística ou teatral, pero por razóns organizativas non se poideron manter; confiamos en poder retomalas en vindeiras edicións.

DÍA 2: RAPEANDO EN ESTILO LIBRE (CEIBADOS)

LUGAR: SALA 7 MARES (detrás da Igrexa de Santiago de Vigo – Zona de Churruca)
HORA DE ESCOMENZO: 22.00 horas

PARTICIPANTES:

DE GALIZA:

- DAVID "O JEVI" (SANTIAGO)
- OXUL (SANTIAGO)
- GORDO (REDONDELA)
- SIERRA (PONTECALDELAS)
- DJ KEISON (SANTIAGO)

CONVIDADOS:

- ENSALADILLA SO INSIST (CATALUNYA)

COMENTARIO:

Xa fi dous anos que intentamos dándolle pulo ó Rap en estilo ceibe e como vimos observando que os nosos rapeiros non teñen nada que cobizar dos que veñen de fora, este ano ímoslle adicar o día a eles e tentáremolos ademais para que o fagan en galego.

Xunto con eles un grupo que combina sons de actualidade con estilos de improvisación tradicionais en Catalunya.

Os que estarán son:

? **David “O Jevi”**.- Coñecido sobre todo por formar parte de “Non Resident”, colaboura tamén con outros rapeiros santiagueses como Iago e Mon, con este último ten unha interesante web que leva o nome do grupo WWW.fooli-e-barbaconna.com, e tamén debutou como contacontos, nada menos que con Carlos Blanco.

? **Oxul + Fournier:**

Forman parte da nova fornada de Rapeiros composteláns e compartiron un grupo chamado “Palabra Maestra” ata que se desfixeron e agora Oxul prepara algúns temas en solitario e Fournier e o Dj Dart ultimán unha maqueta coa axuda de “Jevi”, nas músicas que agardan publicar en decembro.

? **Gordo:**

É un dos intérpretes dos Trasnos de Moscoso que levan dous anos funcionando e en maio, máis ou menos, contán poder ditar e distribuir en concertos a súa primeira maqueta.

? **Sierra**

Outro dos novos valores da improvisación, neste caso de Pontevedra, que non fai moito formou un grupo chamado “Crónicas del Viejo Oube” e tamén colabora nalgunha das pezas dos Trasnos. En Compostela ten contacto con outros rapeiros cos que improvisa ocasionalmente.

? **Dj Keison**

Un dos dj’s máis recoñecidos deste País, compoñente de Non Residentz e colaborador doutros múltiples proxectos musicais dos estilos máis variados

? **Ensaladilla So Insist**

.....DE FORMATO Sound System, que combina instrumentos eléctricos incluído un DJ e catro improvisadores en catalán que crean textos nos formatos tradicionais da súa cultura co acompañamento de diversos ritmos creados polo grupo.

Estamos convencidos de que esta formación vai ser unha sorpresa para todos os que se animen a presenza o directo destes nove músicos que manteñen outros proxectos en paralelo e confiamos en que a súa actuación anime os nosos improvisadores a probar a misturar os ritmos musicais actuais coas nosas formas tradicionais de improvisación oral en verso.

DÍA 3 CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

LUGAR: AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA (Entrada R/
Marqués de Valladares)

HORA DE ESCOMENZO: ás 18.00 horas

PARTICIPANTES:

REGUEIFEIROS GALEGOS (Bergantiños):

? Xuso de Xornes

TROVEROS MURCIANOS DA ASOCIACIÓN TROVERA I.T.M. “El Repuntín”

Composta por:

? Manuel Carceles Caballero “El Patiñero”

? Pedro López Martínez “El Cardoso”

? Juan Ros Jiménez

CANTORES AO DESAFIO PORTUGUESES

? **Augusto “Canario”**

TROVEROS COLOMBIANOS:

? **(La Trova del Sur (Medellín))**

? **Radio Loco**

? **Picaflor**

No papel de Fistores Galegos e Presentadores:

✍ **Luis “O Caruncho” “vate de lareira e fiadeiro” – Vigo**

✍ **Pinto de Herbón “O Poeta das Silveiras” (Herbón – Padrón)**

Como mestre de ceremonias

✍ **Fran Peleteiro**

Na presentación:

✍ **Pinto de Herbón**

✍ **Benito Loberiñas (Vigo)**

Comentario:

Como xa dixemos na introducción inicial, co ánimo de celebrar a posible proclamación de Obra Mestra ó Patrimonio Inmaterial Galego – Portugues, pensamos que sería boa idea xuntar a Regueifeiros Galegos con Cantores ao Desafío Portugueses e así o fixemos e incluso mesturamos traendo creemos a algúns dos máximos expoñentes na actualidade deste arte tamén se tentou xuntar a algúns brindeiros lugueses, pero a matanza do porco impediunolo. A ver si para o ano temos máis sorte

Contamos ademais no programa coa participación de dous dos mellores Troveros do Estado, en concreto da Horta Murciana, como son “El Patiñero” e “El Cardoso”, ambos laureados en numerosos Encontros de Poesía Popular Improvisada

e tamén por primeira vez con Troveiros Repentistas Colombianos, en concreto do Sur do País, na zona de Medellín, que nos van a amosalo seu arte.

Como novidade podemos dicir que nesta edición imos procurar ofrecer unha panorámica representativa do que podía ser a posta en escea dun espectáculo de improvisación en verso, misturando a palabra coa brincadeira e o teatro, a ver como sae.

Os participantes:

? Antonio e Xuso de Xornes

Son dous Regueifeiros da Comarca de Bergantiños, herdeiros da arte de Calviño de Tallo, O Atrévido o Sr. costa e compañía e os que teñen a responsabilidade de non deixar esmorecer esta fermosa tradición e de pasarlle un relevo (difícil) as novas xeracións, xa que os seus aproximados 50 anos non atopan novos valores ós que cederlles a testemuña. Confiemos en poder revirar esta situación e que a base de actuar en vodas e outros actos conquiran infectar a novos adeptos.

? Augusto Canario e Luis "O Caruncho"

É moi posible que Augusto "O Canario" sexa neste momento o maior representante que ten o Cantar ao Desafío hoxe en Portugal e isto non é cousa doada de conquistar xa que esta tradición ten alí moito arraigo e conta con innumerables practicantes, pero baste dicir que non creo que durante o ano teña máis de 15 días nos que teña comprometidas actuacións ou cursos. Así que traelo eiqui non foi doado pero estamos satisfeitos de que así sexa e non nos cabe dúbida de que desgarrada que vai votar con Luis "O Caruncho" dos nosos Regueifeiros co que xa ten actuado últimamente, vai ser das que faga historia.

? Troveros Murcianos

Estes troveiros forman unha asociación que leva o nome dun Poeta Improvisador que xa estivo con nos na 4ª Edición do Certame xunto co Patiñero "El Repuntín" finado fai un par de anos. Deles podemos dicir que O Patiñero posiblemente sexa o mellor trovero vivo da Horta Murciana con presenza en numerosos festivais dentro do estado como de Iberoamérica e premiado nos Certames de Cartagena, La Unión, Islas Menores, Murcia, Potosí (México) e Villanueva de Tapia (Málaga), formando parella con "El Cardoso" que tamén gañou o premio novel do Certame Nacional de Trobo de Cartagena.

Tentaremos que aporte da controversia nos amosen outras variantes que forman parte do que denominan velada trovera.

? Trobadores Colombianos

Por primeira vez no noso Certame temos ocasión de contar con estes improvisadores latinoamericanos procedentes de Medellín que se poñen uns nomes artísticos ou alcumes tan rechamantes para baterse en controversia improvisada e amosarnos outros aspectos da cultura tradicional do sur de Colombia.

? Fistores Galegos

Decidimos nominar con este alcume que lle copiamos ó Profesor Alonso Montero nun artigo publicado na Voz de Galicia ós protagonistas dos xogos verbais parateatrais e das brincadeiras dialécticas que lles vai preparar o Mestre de Cerimonias Fran Peleteiro (un dos promotores da exitosa Liga Xuvenil de Teatro Improvisado,

compoñente de , mestre de teatro e alumno da escola de Arte Dramática de Vigo) en colaboura co público asistente e que imos experimentar por primeira vez.

Non imos a descubrir por adiantado o que se pretende é que sexa sorpresa, así que so nos queda desexarlle sorte ó vate de ladeira e fiadeiro e o “Poeta das Silveiras” no desempeño deste reto e tamén no seu papel de contrincante d Augusto “O Canario” e copresentador respectivamente.

Tanto de Luis “O Caruncho” como de Pinto D´Herbon pouco hai que decir xa que son suficientemente coñecidos no mundo e pese á súa xuventude son os encargados de impartir o cursillo didáctico para nenos que finacia o Concello de Vigo e tamén nos teñen representado en ocasións acompañados de Benito Lobariña en diversos Festivais do estado (Menorca, Elche, Málaga, Barcelona,...)

? Os Presentadores

Xunto con Pinto estará na labor de presentación do Certame Benito Lobariñas que é un novo valor da improvisación oral en verso saído da Canteira Gaiteiril viguesa que pouco a pouco se vai incorporando á élite da Regueifa.

DÍA 4: ENCONTRO E TALLER DE NOVOS IMPROVISADORES

LUGAR: AUDITORIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES
(Estrada Xeral de Valladares, 233)

HORA: 18:00 HORAS.

PARTICIPANTES:

- ✍ LUIS “O CARUNCHO” (VIGO)
- ✍ BENITO LOBARIÑAS (GONDOMAR)
- ✍ OUTROS (espontaneos que aparezan por alí ou se inscriban no teléfono 630914275 – 986467053, imprescindible para o xantar)

- ? Para tódolos interesados en iniciarse no munda da improvisación oral en verso, vaise artellar un pequeno obradoiro de iniciación en torno a un xantar que se celebrará ese mesmo día, totalmente de balde para tódolos que posteriormente debuten diante dun público familiar no Centro Veciñal de Valladares
Os encargados de dinamizar este rito iniciativo serán polos menos un par de Regueifeiros experimentados que garantirán a tódolos asistentes unha boa xornada retranqueira

PATROCINA

